


PROXECTO DE INNOVACIÓN
EDUCATIVA EN
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



CÓDIGO DO CENTRO: 15027502
NOME DO CENTRO: CEE Manuel LÓPEZ NAVALÓN
CONCELLO: SANTIAGO DE COMPOSTELA
PROVINCIA: A CORUÑA

TÍTULO: Obradoiros Navalón

Intervención artística do terreo a través do cultivo das plantas do Camiño, que combina artesanía e modernidade, incide no fortalecemento do galego en contextos de innovación metodolóxica en formación profesional.

O *video mapping* como proxecto de centro interdisciplinario para a dinamización do galego e o desenvolvemento das competencias na formación profesional



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES


ÍNDICE

❖ Introducción: contexto do proxecto e xustificación.....	2
❖ Obxectivos a curto e longo prazo.....	6
❖ Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	7
❖ Actividades.....	9
❖ Xestión e temporización.....	14
❖ Recursos materiais e orzamento.....	16
❖ Colaboración doutras institucións	17
❖ Visualización do proxecto.....	17
❖ Avaliación: criterios e impacto.....	19

CONTEXTO DO PROXECTO

O CEE Manuel López Navalón é un centro de educación especial que conta con 12 unidades: cinco de formación básica, cinco de programas formativos (carpintaría, cerámica, cultivos, costura e restauración) e dúas que funcionan como centro de recursos. Actualmente están escolarizados no noso centro 67 nenos e nenas, en tres modalidades: externa, interna e combinada.

Este é un colexio moi especial. Trátase do único en Galicia que ofrece o Programa formativo de cerámica; o único con Programa formativo adaptado de costura; e o único da comarca de Compostela con formación profesional básica adaptada.



XUSTIFICACIÓN

No contexto da Declaración de Incheon e da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, tanto a Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE) como o Decreto 229/2011 da Xunta de Galicia pretenden camiñar cara a unha educación inclusiva co propósito de acadar o máximo desenvolvemento posible de todo o alumnado, en convivencia cos seus iguais e cos demais membros da comunidade, e mudar a visión que se ten sobre a discapacidade, cunha perspectiva:

- De visualización
- Coñecedora das diferentes necesidades
- Normalizadora
- Sensibilizadora

- Respectuosa e de trato igualitario
- De axuda, apoio e comunicación adaptada

Partindo deses obxectivos e filosofía, un equipo de docentes do CEE López Navalón estamos desenvolvendo un proxecto de experiencia inclusiva desde un centro de educación especial; un proxecto que xurdiu a partir dunha pregunta que nos fixemos:

Por que, ademais de enfocar o noso traballo cara á preparación do noso alumnado para a súa saída e integración na sociedade, non deseñamos actividades encamiñadas a que sexan outras comunidades educativas e sociais as que acudan ao noso centro e aproveiten as nosas experiencias, coñecementos e instalacións, para crearmos dese xeito oportunidades de intercambio e convivencia?

En definitiva, facer da inclusión un camiño de ida e volta.

E así, pouco a pouco, fomos desenvolvendo unha serie de accións inclusivas, unificadas por uns sinais de identidade que describiremos máis adiante, que cristalizaron nun proxecto a longo prazo con nome propio: os **Obradoiros Navalón**.





Os Obradoiros Navalón queren ser un eixe vertebrador entre o centro e a súa contorna, entre os distintos talleres e mais entre o alumnado de primaria e de formación profesional; queren tamén achegar unha nova visión dos obxectos fabricados polo noso alumnado: estes non só van ser o resultado

dun proceso construtivo, senón

tamén instrumentos que facilitarán a interacción entre os nosos alumnos e alumnas e as persoas que queiran aprender connosco a fabricalos: lucernas romanas, ponte Arcuato, preparación de garum, troquelado e gravado de coiro, camisetas estampadas con cianotipia...

É dicir, as rapazas e os rapaces non só crean un produto senón que lle ofrecen un servizo á comunidade. Esta é unha experiencia divulgativa que trata de aproximar o alumnado á creación e, especialmente, facer súa a vivencia do obradoiro, ese espazo de traballo que ao longo da historia actuou como punto de unión das artes, das ciencias e das tecnoloxías, o obradoiro artesán, herdeiro dos gremios.

Cremos axeitado, polo tanto, que as alumnas e os alumnos investiguen, organicen, xestionen, conserven e implanten, desde os cimentos, un obradoiro que poida servir de ferramenta didáctica para toda a comunidade, na que se impliquen todas as áreas curriculares e que sexa accesible a todo o alumnado, con toda a súa diversidade persoal e cultural.

A nosa intención é favorecer o espírito emprendedor do alumnado desde unha perspectiva creativa, tecnolóxica e cunha clarísima vocación de servizo aos demais, e poñer ao seu alcance as ferramentas precisas para comprender e expresar a súa

iniciativa persoal e de grupo, a súa capacidade de traballo e xestión por un ben colectivo e a asunción de riscos e toma de decisións para poder facer viable un proxecto a longo prazo.

Hai dous anos que iniciamos o camiño e as nosas alumnas e alumnos convertéronse en docentes das máis de 400 persoas que visitaron o centro, desde nenas e nenos de primaria ata persoas adultas pertencentes a distintas organizacións.

Ata o de agora, os obradoiros que deseñáramos non presentaban un eixe que os vertebrase. Este proxecto supón un grande avance no desenvolvemento do noso traballo, pois implica unha fase de unificación en torno á creación dun xardín sensorial e multifuncional que nos facilita a provisión dos materiais precisos para a fabricación de obxectos e produtos relacionados co Camiño de Santiago.

O que pretendemos con este proxecto de innovación é potenciar o uso da nosa lingua no contexto destes talleres que ofrecemos. O uso correcto da lingua será fundamental, tanto na fase da investigación preparatoria dos contidos que os rapaces e rapazas lle transmitirán despois ao seu "alumnado" (recollida de vocabulario tradicional relacionado coas distintas técnicas empregadas), como na fase de exposición destes, na que empregarán novos recursos tecnolóxicos, como o *video mapping*, que apoién o seu discurso.

Sen dúbida, o máis innovador ata a aparición da covid-19 foron as distintas visitas de centros escolares e doutras institucións ao CEE López Navalón. Adaptándonos á situación actual, subiremos á nube fotografías e mapas interactivos, fichas informativas e vídeos explicativos, que poderán ser empregados por outros centros educativos ou por organizacións sen ánimo de lucro.

Pretendemos contribuír á adquisición das competencias clave:

- En comunicación lingüística: fomentando o uso do galego por medio dos obradoiros (presenciais ou telemáticos) que pretendemos organizar.
- Dixital: a través tanto da recollida e do tratamento da información e da análise crítica dos datos como do uso de ferramentas dixitais para a elaboración das diferentes actividades do proxecto.
- Aprender a aprender: seguindo metodoloxías activas que convertan o alumnado en protagonista do deseño e da elaboración das actividades e produtos finais. Favoreceremos a creación de grupos interdisciplinarios entre os distintos obradoiros do noso centro.
- Social e cívica: a través da colaboración do noso alumnado con distintas institucións.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: ao darlle ao alumnado protagonismo na elaboración dos obradoiros que imos desenvolver.
- Toma de conciencia das expresións culturais: a través do coñecemento e divulgación do patrimonio artesán galego.

Pretendemos tamén que este proxecto sirva para asentir e pór en práctica contidos curriculares de cada unha das especialidades de formación profesional.

Do mesmo xeito que os obxectos expostos serven para contextualizar unha época nun discurso museístico, elixiremos diferentes tipos de plantas para traballar sobre elas nos distintos ámbitos. Cada un deles será a escusa para pescudar sobre a forma de vida no contexto histórico onde xurdiron as súas utilidades e para nos aproximarmos ás tecnoloxías e saberes dos gremios que as empregaron, dos cales como profesionais somos herdeiros.

OBXECTIVOS A CURTO E LONGO PRAZO

O obxectivo xeral deste proxecto de innovación é incentivar o alumnado para que use a lingua galega en contextos alleos ao ámbito educativo, no contexto do emprego de novas tecnoloxías e en novos contextos de ensino-aprendizaxe.

Para acadarmos o obxectivo xeral, contamos cos seguintes obxectivos particulares:

- Utilizar as novas tecnoloxías para a elaboración de materiais e actividades cuxo obxectivo sexa fomentar a comunicación inclusiva do noso alumnado.
- Empregar a lingua galega en contextos máis variados: no mundo audiovisual, nas novas tecnoloxías, nas conferencias etc.
- Desenvolver métodos de traballo que fomenten a cooperación e o traballo en equipo.
- Proporcionar información que sexa accesible para as persoas con diversidade funcional.
- Afianzar, entre o alumnado, un método de traballo baseado en proxectos a través dos cales se consegue unha aprendizaxe activa e significativa.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización de diferentes fontes de información, para adquirir novos coñecementos.
- Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender a lingua galega e expresarse con coherencia e corrección nela, en diferentes contextos: oral, escrito, audiovisual, plástico etc.; e favorecer a creatividade.
- Apreciar as creacións artísticas e tecnolóxicas e comprender a linguaxe destas manifestacións, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Reflexionar sobre a contorna na que vivimos, a paisaxe e o deseño das estruturas que a conforman, e entender a súa evolución histórica.

- Coñecer, valorar e respectar os coñecementos e papel social dos artesáns e das artesás ao longo da historia.
- Elaborar materiais reutilizables que poidan ser empregados por outros centros.

ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

Os docentes deste centro entendemos que os procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe pasan por embarcarnos en proxectos interdisciplinarios, compartir actividades e recursos, crear e estimular a creación, intercambiar coñecemento e experiencias e avaliar o que funciona e o que non. Consideramos que estes procesos consisten en revisar as experiencias elaboradas en cursos anteriores, perfeccionándoas e consolidándoas se for preciso, e en engadir outras novas que aumenten a motivación de profesorado, do alumnado e das familias; sempre desde a perspectiva da dinamización da lingua e da nosa cultura, pois só unha lingua viva e atenta aos cambios da súa contorna pode sobrevivir.

No CEE Manuel López Navalón desenvólvense diferentes programas, cada un deles pensado para darlles resposta a determinadas necesidades educativas entre as cales está a difusión da lingua galega:

- Biblioteca: Inclusión, un camiño de ida e volta
- TIC: Novas ferramentas de apoio á comunicación
- Contratos programa
- Taller teatro
- Aprendizaxe servizo USC: Lecturas emocionantes
- Grupo de traballo: e-téxtiles

Aproveitando as fortalezas e oportunidades que nos ofrece a nosa situación, e intentando paliar as debilidades e as ameazas ás que nos vemos sometidos, presentamos un proceso de mellora do ensino e da aprendizaxe baseado en dúas fronteiras:

- O uso da tecnoloxía: como ferramenta integrada no ensino da lingua e da literatura galega e como medio para mergullar o alumnado nun proceso de aprendizaxe activa, produtiva e permanente.
- O traballo cooperativo: aproveitando as destrezas do noso alumnado e profesorado para formar así unha comunidade onde traballemos todos con todos, achegando cadaquén o que pode, aprendendo dos erros e comprometéndonos cun proxecto sinérxico onde o galego sexa a nosa lingua.

Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

- Ser disciplinados e disciplinadas no traballo e cumprir coas tarefas encomendadas dentro do grupo.
- Valorar e respectar as diferenzas. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Asumir con responsabilidade os nosos deberes, coñecer e exercer os nosos dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas do grupo.
- Exercitar o diálogo como vía para chegar a acordos dentro do grupo.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, mensaxes e textos complexos na lingua galega.
- Organizar equipos de traballo profesorado-alumnado especializados na produción de diferentes eventos e contidos.
- Coñecer e valorar o patrimonio cultural, lingüístico, histórico, artístico e tecnolóxico de Galicia.
- Formar o profesorado e alumnado para elaborar os produtos propostos.
- Retroalimentar o traballo a través da publicación das actividades e campañas.
- Facer accesible a nosa cultura e a nosa contorna para as persoas con diversidade funcional.

Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

- Mellorar a expresión e a comprensión oral e escrita en lingua galega.
- Ampliar o vocabulario técnico e científico en lingua galega.
- Adquirir seguridade e confianza nun mesmo para utilizar a lingua galega en contextos non académicos.
- Reforzar os lazos coa comunidade.
- Conseguir que o alumnado se sinta orgulloso das actividades e, xa que logo, do centro no que estuda.
- Promover a creación de produtos novos e atractivos, que estimulen o traballo en galego do profesorado e do alumnado e que sexan útiles para a comunidade educativa.
- Promover a curiosidade entre o alumnado por coñecer ferramentas TIC novas e máis axeitadas, e entre o persoal docente por coñecer ferramentas TAC, para mellorar así a súa práctica profesional.


- Sensibilizar e promover actitudes positivas cara ás persoas con diversidade funcional.
- Colaborar entre centros e enriquecerse cunha experiencia marabillosa chea de valores humanos.

Metodoloxías activas

A parte de principios metodolóxicos activos xerais (motivación por efecto sinérxico, transferibilidade, cooperación fronte a competición, codecisión...), dadas as características específicas do noso centro, citaremos os seguintes:

- Enfoque pragmático da linguaxe: consideramos os obradoiros como exercicios funcionais da linguaxe (Monfort) e seguimos o modelo de Halliday como cadro útil para organizar o noso traballo.
- Atención individualizada: en función do trastorno detectado, adaptamos ese modelo xeral con técnicas específicas: ler para falar, ampliación do rexistro funcional, adestramento en teoría da mente, humor e ironía, normas e xuízos morais, argumentación, exposición de información pertinente...
- Adaptación das novas tecnoloxías: como apoio a estas intervencións específicas (murais interactivos, *thinking design*...).
- Apoio do proceso con técnicas auxiliares: organizáronse sesións con profesorado especializado de teatro e *mindfulness*.
- Do obxecto ao libro e á oralidade:

ACTIVIDADES



Descrición dos obradoiros que pretendemos organizar: a partir dunha técnica concreta, elaboramos un produto relacionado co Camiño de Santiago e investigamos sobre o patrimonio cultural galego para divulgalo empregando distintos formatos de transmisión do coñecemento.



DESCRICIÓN

- Cianotipia: camiseta co *skyline* do Camiño de Santiago.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega oral e escrita dentro da aula e ante un público.
- Coñecer o herbario elaborado por Anna Atkins coa técnica da cianotipia.
- Aprender a seleccionar a información relevante e favorecer a capacidade de análise.
- Utilizar as primeiras técnicas fotográficas para a elaboración de materiais e actividades.

DESCRICIÓN

- *Ecoprint*: bolsa de peregrinos para recollida de plantas do Camiño.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega oralmente apoiándose nas novas tecnoloxías.
- Recuperar o vocabulario relacionado cos procesos de tinguidura empregados en Galicia.
- Empregar técnicas de tinguido ecolóxico.
- Coñecer as plantas de Galicia empregadas para tinturas.

DESCRICIÓN

- *Formbox*: elaboración de xabóns medicinais.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega por escrito en murais interactivos.
- Mesturar as antigas e as novas tecnoloxías para a elaboración de materiais.
- Seleccionar información relevante.
- Coñecer plantas medicinais do Camiño de Santiago.

DESCRICIÓN

- Gravado en coiro con placas impresas en 3D: caderno en coiro para anotacións dos peregrinos e das peregrinas.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito en escenografías creadas en polistireno coa cnc de fío quente.
- Seleccionar información relevante: curtidoiros do Camiño.
- Procurar información en diferentes fontes bibliográficas e orais.
- Coñecer plantas empregadas no curtido do coiro.

DESCRICIÓN

- Invernadoiro controlado con Arduíno: *kokedamas* coa flor de Santiago.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega por escrito empregando técnicas de *scrapbooking*.
- Coñecer o manexo de distintos tipos de materiais para a elaboración dun *kokedama*.
- Fomentar a creatividade.
- Coñecer a flor de Santiago: cultivo e historia da súa introdución en Galicia.

DESCRICIÓN

- E-téxtil: chaqueta con sinalización *led* de indicador de dirección para percorrer o Camiño en bicicleta.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega oralmente en discursos de divulgación científica.
- Coñecer técnicas e vocabulario de costura en galego.
- Mesturar técnicas tradicionais coas novas tecnoloxías.

DESCRICIÓN

- Modelado cerámico: lucerna.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega oral e escrita narrando e explicando contidos históricos.
- Saber escanear unha peza en 3D.
- Favorecer a creatividade.
- Coñecer plantas oleosas de Galicia.

DESCRICIÓN

- *Video mapping*: presentación de contidos relacionados co castelo da Rocha.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega oral e escrita apoiándose coa técnica do *video mapping*.
- Favorecer a creatividade.
- Manexar o programa Scratch.

DESCRICIÓN

- Permacultura: planificación agrícola e paisaxística.

OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega oral e escrita acompañando *performances* de teatro de sombras.
- Saber imprimir litografías coa impresora 3D.
- Favorecer a creatividade.
- Realizar *land art*.

DESCRICIÓN

- Vimbio: estruturas de descanso para o Camiño.

OBXECTIVOS


- Utilizar a lingua galega oral en contornas escénicas acompañada do manexo de iluminación con control DMX.
- Favorecer a creatividade.
- Coñecer plantas de Galicia para a cestería.



XESTIÓN E TEMPORIZACIÓN

Contamos cos espazos e recursos dos talleres de carpintaría, costura, cerámica, restauración e agrícolas, alén dos xa citados da biblioteca do centro.

Para o desenvolvemento dun obradoiro seguimos as seguintes fases:



En función do obradoiro, dos talleres implicados, do número de actividades simultáneas ofrecidas a cada visita, das fases do proceso..., podemos chegar a dividir o alumnado nos seguintes tipos de equipos:

- De documentación: recollida e análise de información interdisciplinarias
- De escenografía: posta en escena das presentacións
- De imaxe e son: gravación e edición de videotutoriais
- De tecnoloxía: desenvolvemento de procesos asociados ás novas tecnoloxías
- De asesores técnicos: control das fases do proceso
- De creativos: deseño e visualización do produto
- De contables: control de custos

A función do persoal docente será de apoio na realización do proxecto e contará cunha persoa coordinadora que xestionará a saída dos produtos finais.

O rol do profesorado verase modificado e pasará a ser de guía e axudante e non de protagonista. O alumnado, pola contra, será o verdadeiro protagonista nas tarefas que se realizan e na súa aprendizaxe, na medida das súas posibilidades.

RECURSOS MATERIAIS E ORZAMENTO

Para o desenvolvemento do proxecto precisaremos mobilizar determinados recursos materiais, rendibilizando os que xa temos e investindo naqueles que consideramos máis axeitados para a consecución dos nosos obxectivos.

Dispoñemos de:

- Impresora 3D
- Scanner 3D
- Brother Scanncut
- Equipo chroma
- Luces par *led* con control DMX
- Placas Makey Makey, Touch Board e Arduino
- Kit Scrapbooking
- Equipos e ferramentas dos talleres de cerámica, costura, restauración, cultivos e carpintaría
- Software informático para *video mapping*
- Tinta condutora
- FormBox
- Invernadoiro controlado por Arduino
- Estrutura metálica das torres Hedjuk
- Materiais de e-téxtiles
- Insoladora

- Cnc de fío quente

Precisamos realizar o seguinte orzamento:

- Coiro curtido en distintas cores: 200 €
- *Software* de creación de contidos en 3D e edición de audio interactivo: 500 €
- Madeira para a construción dun expositor de obxectos e contidos: 400 €
- Placas de poliestireno: 200 €
- Proxector tiro corto: 700 €

COLABORACIÓN DE INSTITUCIÓN

Contamos coa colaboración das seguintes institucións:

- USC
- Artesanía de Galicia
- Museo de Visantón
- Asociación Mesquiteira

VISUALIZACIÓN DO PROXECTO

- ✓ Grazas á invitación dos seus organizadores, levamos dous anos realizando obradoiros de FP Innova, un evento visitado por milleiros de persoas, o que supón non só unha magnífica visualización senón tamén un enorme incremento de autoestima para o noso alumnado.
- ✓ Participamos como relatores nunhas xornadas de Bibliotecas Inclusivas, convidados polo equipo de Bibliotecas Escolares de Galicia. Grazas a isto, profesorado de centros de toda Galicia e doutras partes do Estado coñeceu o noso proxecto e quíxonos visitar.

- ✓ Elaboramos os premios que se entregarían no Festival Rebulir de Celanova, (grazas á invitación de Alexandre Sotelino Losada, coordinador dos proxectos de Aprendizaxe-Servizo da USC) e a prensa escrita publicou unha noticia sobre nós.
- ✓ A profesora da USC M^a del Carmen Gutiérrez Moar foi invitada a participar nun *workshop* de APS e deu a coñecer o traballo no noso centro entre o profesorado da Universidade.
- ✓ A revista *Eduga* publicou un artigo no que explicamos a nosa forma de traballar.
- ✓ O XVII Congreso Nacional e IX Iberoamericano de Pedagogía admitiu un relatorio sobre o traballo das emocións no noso proxecto (aprazado polo estado de alarma).
- ✓ Participamos como relatores en cursos do CAFI na Coruña e Santiago de Compostela. Isto permitiu establecer contactos espontáneos con outros centros, e, así, desenvolver proxectos conxuntos con varios centros: IES Monte Neme de Carballo, CFEA de Sergude, CIFP Paseo das Pontes...
- ✓ A conselleira de Educación acudiu en persoa recoller as figuras cerámicas, empaquetadas en bolsas de coiro elaboradas polo noso alumnado, que se ían entregar nos premios Rebulir e isto fixo aumentar enormemente a valorización dos nosos produtos.
- ✓ Memoria gráfica das nosas actividades: pódese ver na páxina web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceenavalon/aulavirtual/course/view.php?id=87>

AVALIACIÓN

Unha vez rematado o proxecto, os resultados da súa avaliación serán analizados para coñecer o impacto que este tivo na nosa comunidade educativa, unha comunidade na que se observan determinados usos e actitudes respecto da lingua:

- Alumnado que fala en galego muda cara ao castelán cando está con outro/a neno/a que non fala en galego (a situación inversa non adoita darse).
- Familias nas que os pais falan en galego entre eles fálannles en castelán aos fillos/as.
- Observando as familias, sinalaremos que, a pesar de que hai uso xeneralizado do galego, este non conta coa valoración desexada, o que abre a porta ao seu abandono (prexuízos...).
- A proximidade de contornas castelanfalantes, como a da vila de Santiago de Compostela, fai que os rapaces e as rapazas muden de rexistro posto que é un escenario continuo de uso de uso de servizos comunitarios.
- Debemos sinalar tamén a influencia dos medios de comunicación e das TIC en xeral. Salienta o feito de que alumnado galegofalante muda ao castelán cando utiliza as redes sociais.
- Nos rexistros de datos lingüísticos que facemos nas saídas ponse de manifesto a ausencia do galego en moitos contextos.
- Os prexuízos que envolven a lingua portuguesa traducidos en rexeitamentos e discriminacións.
- As dificultades do profesorado para atopar material en galego son unha constante.

TIPO	ELEMENTO AVALIATIVO
PROCEDEMENTOS	✓ Observación sistemática ✓ Opinión dos equipos de traballo ✓ Opinión das persoas usuarias ✓ Avaliación inicial, continua e final ✓ Análise de datos
TÉCNICAS	✓ Enquisa de percepción de traballo ✓ Enquisa de percepción de éxito ✓ Enquisa de utilidade do proxecto ✓ Enquisa de satisfacción da persoa usuaria ✓ Rol de aula ✓ Portafolio de aula
INSTRUMENTOS	✓ Diálogo ✓ Posta en común ✓ Rexistro anecdótico ✓ Informes por equipos ✓ Fotografías ✓ Vídeos ✓ Follas de rexistro de enquisas ✓ <i>Apps</i> de análise de enquisas

Dada a importancia que lles damos ás exposicións orais na preparación e desenvolvemento dos obradoiros, imos presentar o modelo que empregamos como guía de traballo e avaliación deste proceso desenvolvido conxuntamente polo alumnado e o profesorado.

Esta valoración da exposición oral facémola tanto individualmente como conxuntamente por obradoiros, tendo en conta a actitude xeral, o contido da exposición e a reacción do auditorio.

EXPRESIVIDADE	Viva e natural	Pouco espontánea	Artificial e monótona
TEXTICULACIÓN. POSTURA DO CORPO	Apropiada	Pouco natural	Ríxida
TÍTULO	Suxestivo	Pouco suxestivo	Nada motivador
PRESENTACIÓN	Atractiva	Moderada	Nada atraente
SELECCIÓN DAS IDEAS	Selección e orde correctas	Mestura das principais e secundarias	Omisión de ideas esenciais
IDEAS	Xustificadas, argumentadas	Pouco xustificadas e argumentadas	Mal xustificadas e argumentadas
TRATAMENTO DO TEMA	Con profundidade	Con pouca profundidade	Moi superficialmente
EXEMPLIFICACIÓN	Esclarecedora	Pouco esclarecedora	Nada esclarecedora
DOCUMENTACIÓN	Completa	Lixeiramente incompleta	Moi incompleta
SOPORTES VISUAIS	Empregados eficazmente	Sen problemas imprevistos	Non empregados
NA CONCLUSIÓN	Fíxose un resumo conciso	Fíxose un resumo pouco conciso	Non se resumiron as ideas
PECHE DA EXPOSICIÓN	Compilando propostas	Sen alternativa compilada	Toda proposta desestimada
EXTENSIÓN	Axeitada	Un pouco longa/curta	Excesivamente longa / curta
COMPREENSIÓN	O auditorio comprendeu	Atopou dificultades	Incomprensible
INTERESE DO AUDITORIO	Atento	Pouco atento	Distraído
COLOQUIO	Boa participación	Polarizado	Nulo

Avaliaremos tamén especialmente o uso do recurso do *video mapping*:





É dicir, valoraremos o emprego dos propios obxectos creados como soporte para a presentación de contidos e historias.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22

